

GALEGO


O SOL

O sol chámase Lourenzo
e é un señor moi finchado
que está no alto do ceo
todo o día rebrillando.

Vai vestido de marelo,
leva chaleque encarnado.
Moi seguro de si mesmo
a súa calor nos vai dando.

O sol chámase Lourenzo
e é un señor moi sinalado.
Se non fora polo sol
estaría o mundo xeadado!

Só o sol manda no ceo,
Moi solemne, moi barbado.
As súas barbas son os raios
Con que nos vai alumando!



Manuel María

1. Cantos versos ten o poema?

2. E cantas estrofas?

3. Conta as sílabas dos versos da primeira estrofa. Canto miden?

4. En que estrofa di...

- | | | |
|----|---|----------------------------|
| 2ª | ● | ● Está no alto do ceo. |
| 3ª | ● | ● Leva chaleque encarnado. |
| 1ª | ● | ● Manda no ceo. |
| 4ª | ● | ● É un señor moi sinalado. |

5. O sol é un señor...

finchado sinalado agarimoso solemne barbado

6. Que nos achega o sol?

luz cores calor escuridade enerxía

7. Que quere dicir “é un señor moi sinalado”?

importante presumido único fermoso destacado

8. Busca na sopa de letras o nome de 5 corpos celestes.

P	L	Ú	A	O	P	A
A	S	L	A	T	L	C
P	S	A	V	E	A	O
T	Ú	T	R	L	N	M
P	E	T	R	S	E	E
A	S	L	I	O	T	T
E	T	A	E	U	A	A

astro, cometa, estrela
planeta e lúa